

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 28 de outubro de 2025 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 20 de outubro de 2025, polo que se aproba o tramite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado da mellora da seguridade viaria na OU-540 na Manchica, de clave OU/23/099.06, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de setecentos oito mil catrocentos corenta e tres euros con oitenta e nove céntimos (708.443,89 €).

Antecedentes:

Con data do 28 de febreiro de 2025, publícase no *Diario Oficial de Galicia* núm. 41 o Anuncio do 18 de febreiro de 2025 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado de mellora da seguridade viaria na OU-540 na Manchica, de clave OU/23/099.06; así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto.

En virtude do disposto no artigo 55.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia,

RESOLVO:

Publicar o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 20 de outubro de 2025, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado da mellora da seguridade viaria na OU-540 na Manchica, de clave OU/23/099.06, que se recolle como anexo a esta resolución.

Contra o dito acordo do Consello da Xunta de Galicia, que pon fin á vía administrativa, poderá formular un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; sen prexuízo de que, con carácter previo e potestativo, poida formular un recurso de reposición no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da



Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de ser un suxeito obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración para a interposición do recurso de reposición deberá empregar o modelo IF321B de recurso en materia de infraestruturas dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/> ante a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2025

María Deza Martínez
Directora da Axencia Galega de Infraestruturas

ANEXO

Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 20 de outubro de 2025, polo que se aproba o tramite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado da mellora da seguridade viaria na OU-540 na Manchica, de clave OU/23/099.06, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de setecentos oito mil catrocentos corenta e tres euros con oitenta e nove céntimos (708.443,89 €)

1º. Aprobar o expediente correspondente aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas do proxecto de trazado da mellora da seguridade viaria na OU-540 na Manchica, de clave OU/23/099.06, sen modificacións respecto do trazado sometido a información pública.

2º. Aprobar definitivamente o proxecto de trazado da mellora da seguridade viaria na OU-540 na Manchica, de clave OU/23/099.06, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de setecentos oito mil catrocentos corenta e tres euros con oitenta e nove céntimos (708.443,89 €).

Consonte establece o artigo 23.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello da Merca, no que se asentan as infraestruturas obxecto do proxecto, deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no que se establecen as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo dun ano e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

CVE-DOG: dafdl0s0-3rk0-hwz4-3q72-g70c4vyamoz6



A aprobación definitiva do proxecto de trazado implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a reformulación do proxecto e as modificacións deste que, se é o caso, puidesen aprobarse posteriormente, e a urxencia da ocupación; todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño.

CVE-DOG: dafdl0s0-3rk0-hwz4-3q72-g70c4vyamoz6

